



### **Expediente 1.387/2021**

**Procedemento:** BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS VACANTES DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS. PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO.-

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

Vista a proposta de alcaldía onde se evidenciaba a necesidade de dispor dunha bolsa de emprego, como funcionario interino, para prazas vacantes de oficial de obras e servizos.

Vista a providencia de alcaldía e o informe de secretaría

Vistas as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección.

Vistas as características da praza para a que se constitúe a bolsa:

Grupo	
Subgrupo	
Escala	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (AP)
Subescala	SERVIZOS ESPECIAIS
Clase	FUNCIONARIO INTERINO
Denominación	OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego para a provisión de prazas vacantes de OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, procedeuse a súa convocatoria pública mediante publicación do proceso no BOPP número 139, do 19 de xullo de 2023, no taboleiro de anuncios, na páxina web e a sede electrónica da Corporación municipal.

Vistas as solicitudes presentadas, procedeuse a constitución do tribunal e a programación das probas do proceso selectivo.

Finalizado o proceso selectivo para a confección dunha bolsa de traballo para realizar nomeamentos interinos para o posto de oficial de obras e servizos, desenvolto de acordo coas bases aprobadas o día 5/07/2023 polo alcalde – presidente do Concello de Pazos de Borbén, de conformidade cos acordos que figuran nas actas do órgano de selección, foron publicados os resultados definitivos o día 2 de novembro de 2023 no taboleiro de edictos, na páxina web e na sede electrónica, e durante o prazo de exposición ó público presentou escrito de impugnación por tres participantes, a cal foi resolta polo tribunal con data do 21/11/2023 reflectida na acta final do proceso selectivo, elevando a definitiva os resultados publicados, o tribunal acordou propor a seguinte lista de aprobados do proceso selectivo por orde de puntuación:





N.º orde	Identidade do aspirante	DNI
1	Boullosa Míguez, Eloy	***088***
2	Fontenla Blanco, David	***095***
3	Rodríguez Martínez, Isidro	***927***
4	García Rodríguez, Antonio	***716***
5	Cernadas Orge, Bienvenido	***793***
6	Iglesias Camiña, M. Domingo	***022***
7	Míguez Míguez, Saturno	***006***

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local: **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á confección e aprobación da seguinte bolsa de traballo para a realización de nomeamentos interinos para o posto de OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS de acordo coa orden de puntuación acadada polas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo de referencia:

N.º orde	Identidade do aspirante	DNI
1	Boullosa Míguez, Eloy	***088***
2	Fontenla Blanco, David	***095***
3	Rodríguez Martínez, Isidro	***927***
4	García Rodríguez, Antonio	***716***
5	Cernadas Orge, Bienvenido	***793***
6	Iglesias Camiña, M. Domingo	***022***
7	Míguez Míguez, Saturno	***006***

**SEGUNDO.-** O chamamento aos candidatos será realizado de acordo cos termos indicados nos puntos 11 e 12 das bases do proceso selectivo. A listaxe definitiva de persoas aprobadas permanecerá vixente ata a convocatoria de prazas de oficial de obras e servizos ou ata a convocatoria dunha nova bolsa de interinos.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e demais interesados.

**DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE**

